

OFICINA TÉCNICA

O Consorcio de Santiago lanza unha nova edición do programa 'Ter É Manter' con 900.000 euros para a rehabilitación e mantemento de inmobles da Cidade Histórica

O Consorcio de Santiago lanza un novo programa de axudas á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento da envolvente exterior das vivendas da Cidade Histórica compostelá cun importe de 900.000 euros, un 50% máis que na convocatoria de 2022, tras a súa aprobación na xuntanza do Consello de Administración do Consorcio o pasado 16 de decembro.

Este é o cuarto incremento consecutivo destas axudas para un programa que se vén realizando anualmente nos últimos seis anos.

As solicitudes poderán realizarse no Rexistro do propio Consorcio ata o próximo 20 de febreiro ou en calquera rexistro. Na web do Consorcio, [consorciodesantiago.org](http://www.consorciodesantiago.org) pode atoparse toda a información ao respecto.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/programa-de-mantemento-teremanter>



EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido acolle a exposición que percorre os 70 anos de vida do Moto Club Compostela

A Casa do Cabido acolle unha exposición que percorre os 70 anos de vida do Moto Club Compostela, sociedade deportiva e cultural que une a entusiastas e afeccionados ao mundo das motocicletas.

Na mostra, que estará dispoñible ata mediados de febreiro, faise unha homenaxe para dar a coñecer a historia e evolución destas sete décadas con motocicletas, fotografías, carteis, vestimentas e outros obxectos curiosos que farán que os visitantes se trasladen a outras épocas.

Entre as pezas que se poden atopar na Casa do Cabido están as motos conservadas no seu estado orixinal que no seu momento utilizaron os propios fundadores do Moto Club, ou fotografías de eventos de transcendencia realizados pola asociación na cidade ao longo deste tempo.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/exposicions>



MÚSICA



O concerto didáctico Xogo de Espellos e dous novos programas da temporada de abono centran a actividade da Real Filharmonía en Febreiro

Tras un intenso mes de xaneiro co Concerto de Reis e dous programas máis, a Real Filharmonía de Galicia ofrecerá un concerto didáctico e dous novos concertos incluídos no programa de abono. Desta maneira, Javier Otero ofrecerá o seu concerto 'Xogo de Espellos. Unha ollada a través da música electrónica' a escolares chegados de toda Galicia. Posteriormente, Joana Carneiro dirixirá á orquestra con María Hinojosa Montenegro como soprano no concerto Iluminacións e a directora Sian Edwards fará o propio con Alba Barreiro á arpa no concerto Desde Gales.